

NEERA

Teresa

Traducido por Isabel Soto



Hugin e Munin

I

—Coraxe, fillos, coraxe!

—Coraxe non nos falta, señor alcalde, pero estamos ante unha boa cerellada, e temo que o asunto se ha poñer ben feo para todos.

Quen así lle respondía á maior autoridade da vila era o vello Toni, o barqueiro máis veterano, que vira moitas riadas coma aquela e abaneaba o cabezón gris desgredado, do que non quitaba nunca o tradicional gorro vermello dos patróns do Po.

—Nós cumprimos co noso deber, Toni; o resto xa depende da Providencia.

Toni non retrucou e tornou ao traballo canda os demais barqueiros e operarios, afanados en transportar feixes de leña, sacos de terra, ladrillos e lastras para represaren o río.

—Meu Deus! —exclamou o alcalde nun ton entre a blasfemia e a súplica, en tanto observaba a crecente ametencia do río.

Ía unha noite escura e o ceo ameazaba con descargar unha tromba de auga. Chovía dende esa mañá; levaba arroiando trinta e catro días seguidos. A pedra coas marcas do nivel das enchentes anteriores xa estaba cuberta, e o río medraba cunha lentitude implacable,

coa calma feroz dun monstro certo de atrapar a presa. Invadira a parte inferior do dique, e agora rozaba o bordo superior, ciscando escuma cun frémito xordo. O maior perigo residía en que a auga minase o terraplén por debaixo.

Levaban corenta e oito horas traballando arreo, pinchando as árbores e derrubando as casas vellas, as abeiradas ao río, as máis expostas. Os habitantes daqueles cacharufos, a maioría pobres, fuxían coas súas ruíns pertenzas ao lombo. Non ben saían, a picaraña dos albaneis resoaba nos muros e facía saltar os cascallos á luz amortuxada dos fachuzos que brandían os rapaces.

Unha vella octoxenaria, á que lle colleran a cama para trasladada a un lugar máis seguro, chegouse aos homes que termaban daquel cativo moble acarunchado e díxolles cos ollos arrasados:

—Tirádea á auga, que mañá xa non hei poder durmir nela.

—Si, tirádella —interveu o alcalde—. Conseguielle outra a esta coitada.

O leito da vella desapareceu nun vira vira entre as voraces augas, que non paraban de ascender.

O subprefecto e o tenente dos carabineiros tornaban xuntos do bosque, onde foran inspeccionar a seguranza das marxes.

—Que hai de novo? —preguntoulles o alcalde non ben os viu aparecer.

—Por agora, non hai perigo. Aquí están asustados?

—A orde de hai un bocado de non deitarse en toda a noite e de estar atentos ao toque de rebato causou certa consternación.

—É comprensible!

